

Xestión de riscos

Descrición

Organizado polo Centro de Novas Tecnoloxías de Galicia (CNTG) da Consellería de Economía, Emprego e Industria, o día 25 de outubro de 2019, de 10:00 a 14:00 horas, terá lugar nas instalacións do centro unha xornada sobre xestión de riscos.

A xestión de riscos constitúe un dos aspectos fundamentais da xestión de proxectos, que debe ser abordada de forma integrada co resto das fases e procesos do desenvolvemento dun proxecto, debido á súa incertidume intrínseca.

O anticiparse ás ameazas que poden presentarse nun proxecto e coñecer a forma adecuada de xestionalos, constitúe un factor crave para o éxito dos mesmos. Por tanto as diversas actitudes fronte aos riscos dos/as interesados/as no proxecto obrigan ao director/a a efectuar unha xestión proactiva e planificada, minimizando o seu impacto e reducindo a incertidume.

A relatora será Isabel Díaz, participou e dirixiu equipos de desenvolvemento de proxectos que involucran os seus coñecementos en análises de sistemas de información e de negocios. A súa carreira profesional desenvolveuse principalmente en Bos Aires e en España, como asesora de empresas de servizos e participando na dirección de empresas de formación privadas de ensino oficial e tamén como formadora. Actualmente é Training Manager en Tecnofor.

O acceso ao evento, previa inscrición que se realizará en liña a través do portal web do CNTG, é de balde e condicionado ao aforo do local. O acceso para aquelas persoas NON inscritas estará condicionado á existencia de prazas libres o día de celebración da xornada.

DURACIÓN 4 horas

METODOLOXÍA Presencial

BENEFICIOS

HORARIO O 25/10/2019 de 10:00 a 14:00 horas.

Xestión de riscos

PROBA DE SELECCIÓN	null
PERIODO DOCENCIA	25/10/2019 - 25/10/2019
LUGAR DE DOCENCIA	Edificio localizado na r/Airas Nunes s/n, barrio de Conxo, en
Nº PRAZAS	232

Temario

- Risco
 - Que é?
 - Tolerancia ao risco
 - Cultura organizativa
 - Cando e onde se xestionan os riscos?
- Proceso de xestión de riscos
 - Características
 - Actividades
 - Identificar
 - Categorías
 - PESTLE-TECOP-SPECTRUM
 - Técnicas e ferramentas
 - Rexistro de riscos
 - Avaliar
 - Cualitativa
 - Cuantitativa
 - Técnicas e ferramentas
 - Planificar
 - Respostas aos riscos
 - Implementar
 - Aplicar respostas
 - Comunicar
 - Comunicar riscos
- Enfoques de xestión de proxectos
 - PMI
 - PRINCE2
 - Scrum